

Decreto.

O Concello de Brión convocou no seu día (BOE núm. 55, do 06.03.2023), polo sistema de concurso: **unha (1) praza de técnico/a de educación infantil (xornada 50%)**, incluída na oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal (BOP núm. 94, do 19.05.2022), ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, consonte coas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 232, do 09.12.2022.

Rematado o procedemento selectivo de concurso o día 12.07.2023, o tribunal acordou:

1º) Publicar a puntuación definitiva do concurso:

Primeiro Apellido	Segundo Apellido	Nome	Méritos profesionais	Formación profesional	Total
RUIZ	CANO	MARÍA ENCARNACIÓN	7,60	30,00	37,60
VIDAL	RODRÍGUEZ	IRENE	70,00	30,00	100,00
SEGADE	CARBALLIDO	MARÍA ISABEL	65,25	9,00	74,25
AGRA	GONZÁLEZ	LARA MARISÉ	0,00	30,00	30,00
SÁNCHEZ	MARTÍNEZ	LORENA	15,00	30,00	45,00
MAROÑAS	CUNQUEIRO	LAURA	0,20	30,00	30,20
SENDON	BARGO	LAURA	22,50	30,00	52,50
FERNÁNDEZ	FERREIRO	OLGA	7,20	30,00	37,20

2º) Propoñer á persoa aspirante que se relaciona para ou seu nomeamento pola Alcaldía como persoa contratada laboral fixa, praza de técnico de educación infantil (xornada 50%), grupo III, atendendo á orde de puntuación final obtido e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais: IRENE VIDAL RODRÍGUEZ.

3º) Consonte co disposto na base 15 das bases xerais pasan a formar parte da bolsa de emprego aqueles candidatos que participando no proceso selectivo e non superando este, obteñen unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total), quedando ordenada atendendo á puntuación obtida, e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais do seguinte xeito:

- 1-. MARÍA ISABEL SEGADE CARBALLIDO.
- 2-. LAURA SENDÓN BARGO.

4º) Como a persoa proposta ten acreditada a titulación en lingua galega esixida na convocatoria se declara a exención de realización da proba oral prevista nas bases.

5º) Proceder a súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, informando ao aspirante proposto que disporá dun prazo de 20 días hábiles, contado desde a publicación, para presentar no Rexistro do Concello a documentación sinalada na base 13.2. das bases xerais.

6º) Contra este acordo poderán presentar recurso de alzada perante o Alcalde do Concello, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación de conformidade do disposto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Resultando que a acta da sesión foi publicada na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello con data 17.07.2023 e que a interesada presentou con data 31/07/2023 a documentación sinalada.

Considerando que é competencia desta alcaldía esta contratación, segundo o establecido no art. 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **resolvo:**

1º) Contratar como persoal laboral fixo deste Concello a IRENE VIDAL RODRÍGUEZ, DNI: ***9073**, para a praza de técnico de educación infantil (xornada 50%), grupo III.

2º) Dar por finalizada a relación laboral con este Concello que tiña MARÍA ISABEL SEGADE CARBALLIDO, pola non superación do proceso selectivo de estabilización, debendo causar baixa na seguridade social con efectos do día anterior a alta da nova persoa contratada.

3º) Ordenar a publicación da contratación no BOP, na web municipal www.concellodebrion.gal e no taboleiro de edictos do Concello.

4º) A persoa contratada deberá formalizar o preceptivo contrato de traballo no prazo máximo dun mes a partir da publicación da contratación no BOP.

5º) Que se notifique ás interesadas esta resolución.